

BASES XERAIS QUE REXERÁN PARA A CONVOCATORIA DAS LISTAS PREVIAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE INFORMADORES/AS DE TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A Directora-Xerente de Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), en virtude das facultades outorgadas polo Consello de Administración da empresa, anuncia a apertura dunha convocatoria de elaboración de listas previas, que serán as que rexan para a contratación temporal de persoal laboral nos vindeiros anos. As bases do procedemento para a elaboración das listas previas de contratación temporal foron aprobadas polo Consello de Administración na súa reunión do día 29 de novembro de 2017, sendo o contido das mesmas o que segue:

1. CATEGORÍA PROFESIONAL

Informador/a turístico/a

2. TIPO DE CONTRATACIÓN

Temporal, para reforzo do servizo de información turística, cobertura de baixas e vacacións do persoal de información.

3. REMUNERACIÓN

19.790,75 euros brutos en cómputo anual.

4. REQUERIMENTOS

a) Indispensábeis

- Titulacións: *Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turísticas* ou anteriores equivalentes, *Grado en Turismo / Diplomatura en Turismo* ou equivalente así como calquera outra titulación universitaria complementada con máster ou posgrao oficial en turismo.
- Galego, Castelán e Inglés, e Alemán ou Francés.

b) Valorábeis

- Experiencia en Información e Comercialización Turística.
- Coñecemento doutras linguas.
- Capacidade de atención ó público. Capacidade de traballo en equipo.

5. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais referidos á data na que conclúa o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- a) Posuír e acreditar a titulación académica esixida na convocatoria ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes. Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros de formación españois deberán estar homologados oficialmente.
- b) Ter nacionalidade dun estado membro da Unión Europea (UE), así como os nacionais daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais suscritos pola UE e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no tratado constitutivo da UE. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da UE, cando así o prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude de tratados internacionais suscritos pola UE e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Así mesmo, poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares de documentos que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.
- c) Estar en idade laboral e non ter alcanzada a idade de xubilación.

6. LUGAR E PRAZO DAS SOLICITUDES

As solicitudes serán entregadas nas oficinas de INCOLSA -Turismo de Santiago (Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela) de luns a venres, de 9:00 a 14:00 (Administración).

O prazo de presentación será de 20 días hábiles desde a data de publicación deste anuncio

7. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR OBRIGATORIAMENTE

- Solicitud de inclusión nas listas de contratación asinado polo interesado, segundo o modelo que se achega ás bases como Anexo I.
- Documento de identificación: fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou documento que acredite a nacionalidade.
- Fotografía tamaño carné.
- Copia autenticada da titulación académica requirida ou documento que acredite a posesión do correspondente título académico.

– Currículo de Vida coa documentación que acredite os méritos alegados. A experiencia deberá acreditarase cunha certificación de vida laboral orixinal ou autenticada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, debendo aportar ademais un certificado emitido pola empresa/entidade na que se teña adquirida a experiencia; este certificado pode ser substituído por unha copia dos contratos de traballo. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito conforme se establece nestas bases eliminará á persoa candidata da correspondente valoración.

– Aqueles outros que as persoas candidatas xulguen oportunos.

– Certificación oficial acreditativa da condición de persoa con discapacidade, esixible para aquelas persoas que queiran facer valer dita condición á hora da elaboración das listas.

(*). Toda a documentación que se presente deberá ser orixinal ou copia autenticada. O cotexo da documentación poderá realizarse no lugar de presentación das solicitudes.

8. PROCESO DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN

1ª Fase (Eliminatoria). Preselección en función do currículo que acreditará os requirimentos indispensábeis.

2º Fase (Eliminatoria). Avaliación de coñecementos. Ata 15 puntos.

- Proba escrita de recursos turísticos. Ata 5 puntos (debendo acadar un mínimo de 2,5 para superar a aptitude).

- Proba oral de idiomas indispensábeis: Inglés/Alemán ou Inglés/Francés. Haberá que superar os dous exames da opción elixida. Ata 10 puntos.

1º idioma obrigatorio: Inglés. 5 puntos (debendo acadar un mínimo de 2,5 para superar a aptitude)

2º idioma obrigatorio: Alemán ou Francés. 5 puntos (debendo acadar un mínimo de 2,5 para superar a aptitude)

*Haberá que superar os dous exames de carácter obrigatorio.

3ª Fase. Avaliación da experiencia laboral en tarefas de información turística e do Currículo de Vida. Ata un máximo de 15 puntos.

a) Valorarase con 0,10 puntos cada mes de experiencia laboral acreditada na realización das seguintes tarefas:

- Tarefas de guía, información, promoción, consultoría e comercialización turística e/ou de viaxes.

- Tarefas de asistencia e/ou organización de eventos.
- Tarefas de asistencia en medios e termináis de transporte.
- Tarefas de información, recepción e comercialización de aloxamentos turísticos.

b) Valorarase con 0,30 puntos por cada mes de experiencia laboral acreditada en oficinas de información turística de titularidade pública.

A experiencia acreditarase cunha certificación de vida laboral orixinal ou autenticada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, debendo aportar ademais un certificado emitido pola empresa/entidade na que se teña adquirida a experiencia; este certificado pode ser substituído por unha copia dos contratos de traballo, sempre que sirva para acreditar a experiencia nun posto das características semellantes aos ofertados de acordo co previsto nesta base.

Aos efectos da valoración da experiencia laboral acreditada, enténdese por un mes cada período de 30 días acreditado. Os períodos a valorar que non acaden o mes (30 días), serán valorados de forma prorrateada.

4ª Fase. Entrevista persoal coa Comisión de Selección. Ata 10 puntos.

A proba práctica versará sobre:

- Perfil do candidato.
- Coñecemento de outras linguas alegadas.
- O Currículo de Vida.
- Contraste de coñecementos.
- Os requisitos establecidos como valorábeis.

A Comisión de Selección informará cunha antelación mínima de 3 días das datas, lugares e horas das probas que se vaian a celebrar.

A lista de seleccionados en cada fase e as cualificacións obtidas estará a disposición do público durante os seguintes dous días laborais na sede de INCOLSA -Turismo de Santiago (Rúa do Vilar, 63) e a través do seu portal en rede <http://www.santiagoturismo.com/emprego>.

A Comisión de Selección elaborará unha lista, que será a que rexa nas futuras contratacións de INCOLSA – Turismo de Santiago, correspondentes co obxecto das presentes bases. A lista terá unha vixencia mínima de tres anos, podendo o Consello de Administración acordar a prórroga da súa vixencia, ou a súa renovación cando o número de persoas na mesma non permitan realizar as contratacións que sexan precisas para a cobertura do servizo.

9. PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Establécese unha reserva dun sete por cento das prazas para ser cubertas por persoas con discapacidade, considerando por tales as definidas no art. 2.a) do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Esta reserva operará sempre que os aspirantes que aleguen esta condición superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto. Na publicación das listas das persoas que superen o proceso terase en conta a condición de discapacidade, de xeito que se poida facer efectiva a reserva legal se o resultado de aplicar a porcentaxe do 7% ao número total de postos de traballo a contratar é igual ou superior a 0,7. No suposto de que as prazas reservadas para discapacitados non sexan cubertas, pasarán a ser cubertas polas persoas da lista que non teñan esta condición. No suposto de que algún aspirante con discapacidade que se presentase superase as probas, pero non obtivese praza, manterá en todo momento a súa posición na lista xeral.

10. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta pola Directora-Xerente, en calidade de Presidenta da Comisión, e dous vogais que serán, a Adxunta de Promoción e a Técnica do SCCB. En caso de causa sobrevida que impida a algún dos vogais participar nalgunha das sesións da Comisión, a Comisión designará, entre os técnicos da sociedade, á persoa que o substitúa nesas sesións.

Actuará como secretario o Secretario do Consello de Administración ou persoa en quen delegue, con voz pero sen voto. Á mencionada Comisión poderán incorporarse os técnicos que esta considere en calidade de asesores. Será membro observador da citada comisión, con dereito de voz, pero sen voto, a representante sindical do persoal de INCOLSA.